

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0017/10 presentada pola entidade promotora INVERSIONES GIL-REG, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0017/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

PARCELA II- BLOQUE 5 – 6ºH - SAN PAIO DE NAVIA - VIGO

Forma de acceso: **Aluguer**

Estado de execución: **Rematada**

Número e tipoloxía das vivendas:

1 vivendas Tipo da quenda xeral (90 m²)

Prezo de venda:

Vivenda Tipo + Garaxe + Rocho: 683,63 €

Forma de pago:

1 mes de fianza depositada na Xunta á sinatura do contrato + Pago mensual.

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quinze días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Asdo.: José Manuel González González

